

ZONA RURAL

O programa de compostaxe caseiro no rural comeza en marzo

Nesta iniciativa poderán participar ata 50 veciños da zona rural

O plan para o compostaxe caseiro deseñado polo Concello e Adega para as parroquias do rural de Ferrol xa ten data de inicio: o vindeiro mes. O Concello recupera así un programa que se puxo en marcha por primeira vez hai seis anos, daquela con dez familias de Brión e Covas.



Da descomposición e fermentación dos restos obtéñese abono

REDACCIÓN - FERROL

■ O propósito deste programa pasa por reutilizar os residuos que se xeran cada día nos fogares e convertelos en abono natural de calidade. Ata 50 persons se poderán beneficiar desta iniciativa e para participar nela hai que solicitarlo no rexistro xeral do Concello, ter máis de 18 anos e residir no rural ou contar cunha horta de seu. As prazas outorgaríanse por rigorosa orde de petición.

Aqueles que resulten escollidos tomarán parte dunha serie de actividades formativas co fin de que coñezan as principais características nas que se basea o compostaxe caseiro. Trátase dunha formación previa para que coñezan os restos que se poden empregar, canto tempo se teñen que almacenar ou que cualidades posúe o abono que

se obtén. Así mesmo, Adega encargaráse de tarefas de supervisión con visitas periódicas aos lugares onde se instalaron estes composteiros para comprobar a eficacia do sistema.

Este compostaxe permite aprofitar restos de podas, comidas ou vexetais, dos cales, por un proceso de descomposición e fermentación, obtéñese abono de calidade. Unha das vantaxes desta técnica é

que permite reducir o contido da bóba do lixo en torno a un 50 ou 60%, segundo os cálculos da responsable de Medio Ambiente, Zona Rural e Servizos, María López. Para a concelleira, este programa "é unha alternativa viable, económica e ecolóxica adoptada noutros concellos e con grande aceptación por parte dos veciños que se implicaron na iniciativa".

ASOCIACIONISMO

A Mesa reuniráse coas equipas de normalización dos concellos da comarca

REDACCIÓN - FERROL

■ O novo responsable da Mesa para as comarcas de Trasancos, Eume e Ortegal, Carlos Outeiro, avanzou que un dos seus obxectivos será o de potenciar a colaboración da entidade coas equipas de normalización lingüística dos concellos da comarca. Precisamente, as políticas municipais de fomento do galego constitúen o eixo dunha serie de conferencias que realizará a Mesa, e que principian mañá ás oito da tarde

na Casa das Pameiras de Neda.

Por outra banda, Outeiro -que foi elixido na asemblea que a organización celebrou o pasado sábado e na que se postulou como único candidato a collier a dirección- indicou que durante o seu mandato tentará incrementar o apoio social en defensa do galego, para o que considerou que será necesario o aumento do número de socios da Mesa, así como traballar na consolidación da estrutura organizativa da mesma.

MOVIMENTO VECIÑAL

Piden ao alcalde que consensúe a ordenanza cívica coas asociacións

REDACCIÓN - FERROL

■ A AVV O Rosario-Inferniño solicitou por rexistro ao alcalde, Vicente Irisarri, que abra un debate coas asociacións para consensuar a nova ordenanza cívica que prepara a área municipal de Seguridade que dirixe a socialista Sandra Ríos antes de que se someta a consideración dos grupos muni-

cipais. A entidade considera que a normativa debe reflectir tamén as responsabilidades dos representantes municipais na aplicación das ordenanzas. Ademais, rexostan que sexa punible a "simple colocación dun cartel reivindicativo", xa que "baixo o pretexto de feísmo estaría en xogo a liberdade de expresión".

CAFÉ AROMA

Chocolates con churros - Copas de helado
Bollería - Batidos azucarados
ZONA WI-FI
C/ Española, 48 - ESTEIRO - FERROL
☎ 881 327 123

POOL - BAR
ROUTE
66
FERROL

C/ ALCALDE USERO, 7 Bajo

Cafetería RECA
Cervecería

C/ Venezuela Esq. C/ nueva de Caranza
Tel. 881 952 703

Cafetería RECA
Cervecería

Piazza del Ayuntamiento, S. NARÓN
TEL: 981 387 402